



INFORMACIÓN SOBRE CONVOCATORIAS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

- ✓ **Bases reguladoras do programa de axudas a asociacións, federacións e agrupacións de cazadores da provincia da Coruña para actividades durante o ano 2024. (FO028A/BIS).**

Bases publicadas no BOP do 24-10-2023

Beneficiarias: Asociacións, federacións e agrupacións de asociacións de cazadores, da provincia da Coruña.

Gastos subvencionables: Compra de bens destinados á actividade (material non inventariable (semillas, pesticidas legalmente autorizados), traballos realizados por outras empresas (que sexan indispensables para a realización da actividade), directamente relacionados con desbroces, sementeiras, rozas e podas; seguros TECOR.

Importe do orzamento de gastos	Mínimo 5.000 €; máximo 10.000 euros.
Importe da subvención que se vai conceder	Mínimo 1.000 € Máximo 8.000 euros
Importe solicitado	Do 20% ao 80 % do orzamento de gastos subvencionable

Prazo de solicitude: pendente de abrir por extracto da Deputación da Coruña

- ✓ **Bases reguladoras do programa de axudas a entidades sen ánimo de lucro para o cofinanciamento de proxectos de investimentos no ámbito do medio ambiente, no ano 2024. (DP0036).**

Bases publicadas no BOP do 24-10-2023

Beneficiarias: entidades sen ánimo de lucro legalmente constituídas e inscritas no Rexistro de entidades de carácter medioambiental, cunha antigüidade mínima de 2 anos anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, de carácter medioambiental da provincia da Coruña (...) que teñan como fin primordial o estudo, a conservación, a promoción e/ou a defensa dos recursos naturais e do medio ambiente e que o seu ámbito de actuación estea comprendido na provincia da Coruña.

Gastos subvencionables: gastos estrictamente necesarios para o desenvolvemento do investimento subvencionado: aplicacións informáticas, terreos e bens naturais, construcións, maquinaria, ferramentas, utillaxe, mobiliario, equipos para procesos de información (ordenadores e demais conxuntos electrónicos), elementos de transporte (vehículos, remolques, embarcacións; adquisición, adaptación, rotulación), outro inmovilizado material, servizos profesionais independentes (honorarios topógrafos, notarías, rexistro propiedade...)



CONCELLO DE VILASANTAR
C/Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña
correo@vilasantar.com www.vilasantar.gal 981 778 169

Importe da subvención que se vai conceder	Mínimo 1.000 €
	Máximo 25.000 euros
Importe solicitado	Do 20% ao 80 % do orzamento de gastos subvencionable

Prazo de solicitude: pendente de abrir por extracto da Deputación da Coruña e da aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións.

- ✓ **Bases reguladoras do programa de axudas a entidades sen ánimo de lucro para o cofinanciamento de proxectos de actividades no ámbito do medio ambiente, no ano 2024. (DP0031).**

Bases publicadas no BOP do 24-10-2023

Beneficiarias: entidades sen ánimo de lucro legalmente constituídas e inscritas no Rexistro de entidades de carácter medioambiental, cunha antigüidade mínima de 2 anos anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, de carácter medioambiental da provincia da Coruña (...) que teñan como fin primordial o estudo, a conservación, a promoción e/ou a defensa dos recursos naturais e do medio ambiente e que o seu ámbito de actuación estea comprendido na provincia da Coruña.

Gastos subvencionables: gastos estritamente necesarios para o desenvolvemento da actividade subvencionada: bens destinados a actividade, materias primas, alugueres e cánones, seguros, reparación e conservación, subministracións, publicidade, soldos e salarios....

As solicitudes irán encamiñadas polas liñas: Voluntariado ambiental; difusión e sensibilización ambiental; conservación e protección do medio ambiente; outros (actuacións relacionadas co cambio climático, sustentabilidade enerxética, desenvolvemento de políticas e estratexias ambientais, posta en valor de recursos naturais, ou aquelas que promovan a participación social no compromiso co medio ambiente).

Importe da subvención que se vai conceder	Mínimo 1.000 €
	Máximo: 20.000 euros
Importe solicitado	Ata o 80 % do orzamento de gastos subvencionable

Prazo de solicitude: pendente de abrir por extracto da Deputación da Coruña e da aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións.



CONCELLO DE VILASANTAR
C/Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña
correo@vilasantar.com www.vilasantar.gal 981 778 169

✓ **Bases reguladoras do programa de axudas a entidades sen ánimo de lucro para a realización de actividades culturais durante no ano 2024. FO203/2024**

Bases publicadas no BOP do 26-10-2023

Beneficiarias: entidades sen ánimo de lucro con domicilio fiscal na provincia da Coruña ou que acrediten que as actividades obxecto da subvención se realizarán no ámbito territorial da provincia.

Modalidades de solicitude:

MODALIDADE A: entidades culturais (asociacións culturais e entidades que teñan o seu carácter cultural debidamente acreditado nos seus estatutos): subvenciónanse proxectos e actividades culturais vinculados á creación, investigación, formación e difusión cultural e á dinamización sociocultural do territorio.

MODALIDADE B: entidades de natureza veciñal (asociacións de veciños e veciñas, asociacións xuvenís, de amas de casa, da terceira idade, asociacións de mulleres rurais....) Subvenciónanse proxectos e actividades de natureza sociocultural, dirixidos á dinamización comunitaria e á vertebración e cohesión social.

MODALIDADE C: Entidades de natureza socioeducativa (ANPAS, asociacións pedagóxicas, etc) Apoiaranse unicamente proxectos dirixidos á mellora do rendemento e das competencias educativas en colaboración coa contorna socioeducativa dos centros.

MODALIDADE D: entidades de natureza social e/ou asistencial (entidades que realizan o seu laboral de xeito prioritario no campo dos servizos sociais, o medio natural, a igualdade, a memoria histórica, a sensibilización e traballo en valores cívicos e o desenvolvemento territorial e socioeconómico).

Gastos subvencionables: entre outros, contratacións externas, difusión da actividade, edicións e publicacións de libros, gastos de desprazamentos, etc.

Importe da subvención que se vai conceder	Mínimo 1.500 € Máximo en función da modalidade: A)30.000 euros; B)10.000 euros;C)10.000 euros; D) 10.000 euros.
Importe solicitado	Ata o 80 % do orzamento de gastos subvencionable
Importe do orzamento de gastos	Mínimo 3.000 euros.

Prazo de solicitude: pendente de abrir por extracto da Deputación da Coruña.

✓ **Bases reguladoras do programa de axudas a entidades sen ánimo de lucro para a realización de investimentos culturais durante no ano 2024. FO204/2024**

Bases publicadas no BOP do 26-10-2023

Beneficiarias: entidades sen ánimo de lucro con domicilio fiscal na provincia da Coruña ou que



CONCELLO DE VILASANTAR
C/Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña
correo@vilasantar.com www.vilasantar.gal 981 778 169

acrediten que os investimentos obxecto da subvención se realizarán no ámbito territorial da provincia.

Modalidades de solicitude:

MODALIDADE A: entidades culturais (asociacións culturais e entidades que teñan o seu carácter cultural debidamente acreditado nos seus estatutos).

MODALIDADE B: entidades de natureza veciñal (asociacións de veciños e veciñas, asociacións xuvenís, de amas de casa, da terceira idade, asociacións de mulleres rurais....)

MODALIDADE C: Entidades de natureza socioeducativa (ANPAS, asociacións pedagóxicas, etc)

MODALIDADE D: entidades de natureza social e/ou asistencial (entidades que realizan o seu laboral de xeito prioritario no campo dos servizos sociais, o medio natural, a igualdade, a memoria histórica, a sensibilización e traballo en valores cívicos e o desenvolvemento territorial e socioeconómico).

Gastos subvencionables: entre outros, equipamentos e moblaxe; realización de reformas, ampliación e mellora de inmobles de titularidade da entidade solicitante; compra de materiais de uso técnico e artístico vinculados ao desenvolvemento da programación das actividades da entidade.

	Mínimo 1.500 €
Importe da subvención que se vai conceder	Máximo en función da modalidade: A)30.000 euros; B)10.000 euros;C)10.000 euros; D) 10.000 euros.
Importe solicitado	Ata o 80 % do orzamento de gastos subvencionable
Importe do orzamento de gastos	Mínimo 3.000 euros.

Prazo de solicitude: pendente de abrir por extracto da Deputación da Coruña.

✓ **Bases reguladoras do programa de axudas a entidades sen ánimo de lucro para a realización de actividades de fomento da actividade física e do deporte durante o ano 2024. (FO103A/2024).**

Bases publicadas no BOP do 26-10-2023

Beneficiarias: entidades sen ánimo de lucro con domicilio fiscal na provincia da Coruña, incluídas as federacións deportivas, que realicen actividades de fomento da actividade física e do deporte dentro da provincia. Deberán ter entre os seus obxectivos o fomento de actividades físicas e deportivas, a ocupación activa do tempo de lecer,, o fomento do deporte ou actividades de formación en materia deportiva. As federacións deportivas poderán participar nesta convocatoria aínda que non teñan o domicilio fiscal na provincia da Coruña, sempre que acrediten que as actividades obxecto da subvención se realizarán no ámbito territorial da provincia.



CONCELLO DE VILASANTAR
C/Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña
correo@vilasantar.com www.vilasantar.gal 981 778 169

Gastos subvencionables: entre outros, equipamentos e moblaxe; realización de reformas, ampliación e mellora de inmobles de titularidade da entidade solicitante; compra de materiais de uso técnico e artístico vinculados ao desenvolvemento da programación das actividades da entidade.

Liñas: 1) a realización de actividades conducentes a mellora da condición física, a ocupación activa do tempo de lecer, o deporte de carácter afeccionado ou popular e a participación en competicións deportivas que non sexan federadas. 2) a promoción social da práctica e dos valores deportivos que se realice mediante a organización de actividades de formación, difusión, e divulgación do deporte e dos valores deportivos; poderán consistir en charlas, talleres, cursos...3) a organización de competicións deportivas federadas ou non federadas.

Importe da subvención que se vai conceder	De 1.000 a 30.000 euros..
Importe solicitado	Do 20% ao 80 % do orzamento de gastos subvencionable
Importe do orzamento de gastos	Mínimo 5.000 euros e máximo 37.500 euros.

Prazo de solicitude: pendente de abrir por extracto da Deputación da Coruña.

- ✓ **Bases reguladoras do programa de axudas a clubs deportivos da provincia, sen ánimo de lucro, con equipos ou deportistas que participen en competición federada de ámbito local, provincial ou autonómico durante o ano 2024. FO103B/2024**

Bases publicadas no BOP do 26-10-2023

Beneficiarias: clubs deportivos , sen fins de lucro, legalmente constituídos e con domicilio fiscal na provincia da Coruña, con equipos ou deportistas que participen en competición federada de ámbito local, provincial ou autonómico durante o ano 2024.

Gastos subvencionables: entre outros, compra de bens destinados á actividade (só a roupa da equipación oficial de competicións e adestramentos); traballos realizados por outras empresas como lavandería e seguridade; arrendamento de material deportivo, de vehículos e instalacións deportivas; transportes, etc.

Importe da subvención que se vai conceder	De 1.000 a 36.000 euros..
Importe solicitado	Do 20% ao 80 % do orzamento de gastos subvencionable
Importe do orzamento de gastos	Mínimo 5.000 euros e máximo 45.000 euros.

Prazo de solicitude: pendente de abrir por extracto da Deputación da Coruña.



- ✓ **Bases reguladoras do programa de subvencións a entidades deportivas da provincia, sen ánimo de lucro, para infraestruturas e equipamento deportivo durante o ano 2024.FO104/2024**

Bases publicadas no BOP do 26-10-2023

Beneficiarias: Entidades de carácter deportivo sen fins de lucro, inscritas no Rexistro de Entidades Deportivas da Xunta de Galicia, legalmente constituídas e con domicilio fiscal na provincia na Coruña.

Gastos subvencionables: As axudas destinaranse á realización de investimentos deportivos, gastos por adquisición, rehabilitación ou mellora de instalacións propias da entidade, obra nova, bens inventariables e equipamentos. No caso de adquisición, rehabilitación ou mellora de instalacións e obra nova as instalacións deberán ser propias, NON alugadas nin cedidas.

Importe da subvención que se vai conceder	De 1.000 a 40.000 euros..
Importe solicitado	Do 20% ao 80 % do orzamento de gastos subvencionable
Importe do orzamento de gastos	Mínimo 5.000 euros e máximo 50.000 euros.

- Incompatibilidades: Estas axudas son incompatibles coa presentación de solicitudes aos programas FO103A/2024; FO103B/2024; FO103C/2024; FO103D/2024.

Prazo de solicitude: pendente de abrir por extracto da Deputación da Coruña.

- ✓ **Bases reguladoras do programa de subvencións dirixido ás entidades asociativas AGRARIAS, labregas, GANDEIRAS, forestais e asociacións de cazadores, da provincia da Coruña para a realización de investimentos durante o ano 2024. FO028B**

Bases publicadas no BOP do 26-10-2023

Beneficiarias: Entidades asociativas, federacións e agrupacións de entidades asociativas agrarias, labregas, gandeiras, forestais, comunidades de montes, e ás asociacións, federacións e agrupacións de CAZADORES, en proxectos que sexan investimentos destinados á recuperación e valoración dos recursos agrarios endóxenos de carácter agrícola, gandeiro e forestal que teñan como obxecto:

A valorización e comercialización das producións agrarias, gandeiras e forestais; os proxectos relacionados coa multifuncionalidade do monte enfocados á prevención de incendios; sinalización Tecor Societario; fomento do uso das novas tecnoloxías, das enerxías renovables e do aforro enerxético; entre outras.



CONCELLO DE VILASANTAR
C/Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña
correo@vilasantar.com www.vilasantar.gal 981 778 169

Importe da subvención que se vai conceder	De 1.000 a 24.000 euros..
Importe solicitado	Do 20% ao 80 % do orzamento de gastos subvencionable
Importe do orzamento de gastos	Mínimo 5.000 euros e máximo 30.000 euros.

Prazo de solicitude: pendente de abrir por extracto da Deputación da Coruña, e condicionadas a aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputacion para o ano 2024.